



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 26 de marzo de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezasete horas e trinta minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(267).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(268).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 2496/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25/03/19 e o informe de fiscalización do 26/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/03/19, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do

Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Con data 31 de outubro de 2018, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para “CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE.”

No expediente inclúense os seguintes documentos:

1. A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, de data 12 de novembro de 2018.
2. A resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 31 de outubro de 2018.
3. Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de xaneiro de 2019.
4. Memoria xustificativa, de data 22,25 de marzo de 2019, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).



Concello de Vigo

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (artigo 76.2 LCSP).
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).
 - Información esixida polo artigo 130 LCSP (contratos de servizos).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP). Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
5. Informe asinado pola Xefa do Servizo de Contratación sobre comprobación dos documentos esixidos pola normativa para a tramitación do contrato de 20 de febreiro de 2019.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 25 de marzo de 2019 pola xefa do Servizo de Contratación.

II.- CONDICIÓN DEFINTORIAS DO CONTRATO.

1- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato comprende:

- Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés.
- Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios.
- Servizos complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor; atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo.

2.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

A Concellería de Deportes non dispón de recursos humanos para a realización da xestión integral deste servizo municipal específico obxecto do contrato.

Para o cumprimento da súa finalidade, é necesario que o adxudicatario do contrato dispoña de persoal adecuado coas titulacións que responda ás necesidades expostas nesta memoria e no prego de prescricións técnicas, axeitadas para dirixir, planificar, programar, xestionar, executar e avaliar, as actividades docentes e o mantemento integral das instalacións.

3.- PROCEDEMENTO E FORMA DE TRAMITACIÓN DO CONTRATOS

Procedemento: Aberto

Forma de tramitación: Ordinaria.

4.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

4.1.- Prezo do contrato.

As características que definen o contrato veñen a determinar o prezo do mesmo.

O contrato divídese en dous grandes conceptos a parte fixa do contrato e a parte variable. A parte fixa consta principalmente dos costes de persoal fixo para xestión global das instalacións nos que atopamos o persoal de apertura e peche das instalacións, persoal de mantemento, persoal de limpeza, persoal de socorrismo, e persoal de dirección e xestión. Ademais destes custos debemos englobar o custo da enerxía térmica necesaria para o funcionamento das instalacións, e os custos dos materiais para execución do mantemento do conxunto das instalacións e a depuración das instalacións e outros gastos xerais de carácter operativo que implican a xestión integral dos centros (administración, seguridade, limpeza, emerxencia, vestiario, ofimática,) así como o material inversor, e o material docente. Porcentaxes de distribución dos costes fixos por centro.

Partida orzamentaria	Costes fixos	% de distribución coste contrato por centro
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37%
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21%
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25%
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17%
		100%

Os custos da enerxía térmica representa un 6,74% sobre o 100% do contrato segundo os datos de consumo, das catro instalacións no período 1 de xullo de 2017 a 30 de xuño de 2018.



Concello de Vigo

Enerxía térmica consumida en unidades kw/h no período dun ano (12 meses).

Os custos variables representan a actividade docente a cal depende da flutuación da oferta e demanda das actividades, o custo da parte variable do contrato queda descomposta coa seguinte distribución.

Partida orzamentaria	Coste variable monitores	
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00%
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33%
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05%
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45%
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15%
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02%
Total		100%

DESGLOSE ORZAMENTO ANUAL CONTRATO:	IMPORTE	% distribución peso do contrato
A) SERVIZOS RELATIVOS O FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS (COSTES FIXOS)		
A.1.- Costes xestión integral contrato	1.853.654,52 €	63,16%
A.2.- Costes enerxía termica	197.685,00 €	6,74%
A.3.- Costes materiais, inversor. Beneficio, estrutura e outros gastos.	98.768,87 €	3,37%
A.4.- Costes amortizacións e gastos financeiros	8.606,64 €	0,29%
Total:	2.158.715,02 €	
B) SERVIZOS RELATIVOS AS ACTIVIDADES DOCENTES MONITOR-PROFESOR (COSTES VARIABLES) : PREZO HORA. VALOR UNITARIO PREZO HORA :17,45 € S/IVE.		
Número horas máximo ano docencia: 44.500,00:		
PREZO UNITARIO HORA: 17,45 € s/ive X 44.500 horas	776.359,50 €	26,45%
TOTAL:A+B	2.935.074,53 €	100%
IVE 21%	616.365,65 €	
TOTAL ORZAMENTO ANUAL CONTRATO	3.551.440,18 €	

ORZAMENTO DO CONTRATO DOUS ANOS	
A) SERVIZOS RELATIVOS O FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS (COSTES FIXOS)	
DOUS ANOS	4.317.430,05 €
B) SERVIZOS RELATIVOS AS ACTIVIDADES DOCENTES MONITOR-PROFESOR (COSTES VARIABLES)	
DOUS ANOS	1.552.719,01 €
TOTAL: A+B	
	5.870.149,06
IVE 21%	1.232.731,30
TOTAL CON IVE	7.102.880,36

Vista a distribución dos custes do contrato, sinalar que os custes de persoal con IVE representa o **89,61%** do total do contrato e o resto de conceptos o **10,39%** con IVE.

4.2.- Orzamento base de licitación.

Orzamento base licitación CONTRATO DOUS ANOS INCLUÍDOS COSTES FIXOS E VARIABLES.	
importe base licitación do contrato C/IVE	7.102.880,36 €
IVE 21%	1.232.731,30 €

Segundo o disposto no art. 100 da LCSP. Adxuntase anexo I (anexado en documento independente) relación de persoal aportada pola empresa desagregada por xenero, % de xornada, e custes segundo o “Convenio Colectivo para os traballadores das piscinas e ximnasios municipais dependentes do Concello de Vigo” (BOPPO nº194), en vigor dende o 1 de xaneiro 2016 ata 31 de decembro de 2019.

4.3 Valor estimado do contrato.

Atendendo ao art. 101 da LCSP o valor estimado do contrato calcúlase descontando o IVE ao orzamento base de licitación e comprende os gastos de estrutura, materiais, beneficio industrial os custos laborais derivados do contrato, segundo o convenio colectivo de aplicación e as dúas prórrogas. **Sendo por tanto o importe do valor estimado de 11.740.298,13€.**



Concello de Vigo

5.- REVISIÓN DE PREZOS

Atendendo ao artigo 103 da LCSP, non procede revisión de prezos, ao ter o contrato unha vixencia de dous anos con opción de dúas prórrogas.

6.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACION DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL.

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe máximo anual do contrato e o que se detalla na seguinte táboa:

Importe máximo anual contrato S/IVE	2.935.074,53 €
Importe máximo anual contrato C/IVE	3.551.440,18 €
IVE 21%	616.365,65 €

Financiación do contrato con cargo as partidas orzamentarias do orzamento de deportes, e da bolsa de vinculación.

Distribución orzamentaria por partidas de gasto nas anualidades.

		% distri. por centro.		anual %	mes	2019	2020	2021
Partida orzamentaria	Coste variable monitores							
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	939.355,93 €	93.935,59 €	8.539,60 €	42.698,00 €	93.935,59 €	51.237,60 €
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	939.355,93 €	106.429,03 €	9.675,37 €	48.376,83 €	106.429,03 €	58.052,20 €
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	939.355,93 €	301.063,58 €	27.369,42 €	136.847,08 €	301.063,58 €	164.216,50 €

3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	939.355,93 €	201.491,85 €	18.317,44 €	91.587,20 €	201.491,85 €	109.904,64 €
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	939.355,93 €	151.705,98 €	13.791,45 €	68.957,26 €	151.705,98 €	82.748,72 €
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	939.355,93 €	84.729,90 €	7.702,72 €	38.513,59 €	84.729,90 €	46.216,31 €
subtotal		100%				426.979,97 €	939.355,93 €	512.375,96 €

Partida orzamentaria	Costes fixos	% de distribución coste contrato por centro		anual %	mes	2019	2020	2021
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	2.612.084,25 €	966.471,17 €	80.539,26 €	483.235,59 €	966.471,17 €	483.235,59 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.612.084,25 €	548.537,69 €	45.711,47 €	274.268,85 €	548.537,69 €	274.268,85 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	2.612.084,25 €	653.021,06 €	54.418,42 €	326.510,53 €	653.021,06 €	326.510,53 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.612.084,25 €	444.054,32 €	37.004,53 €	222.027,16 €	444.054,32 €	222.027,16 €
subtotal		100,00 %		2.612.084,25 €	217.673,69 €	1.306.042,13 €	2.612.084,25 €	1.306.042,13 €
totales						1.733.022,09 €	3.551.440,18 €	1.818.418,09 €

Distribución anual orzamentaria:

ANOS	PERIODO	IMPORTE CON IVE
2019	01/07/2019 ata 31/12/2019	1.733.022,09 €
2020	01/01/2020 ata 31/12/2020	3.551.440,18 €
2021	01/01/2021 ata 30/06/2021	1.818.418,09 €



Concello de Vigo

7.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.

Establécese un prazo de execución de 2 anos máis dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Atendendo a necesidade de facilitar unha mellor xestión do contrato así como regular a posibilidade da administración ou licitadores continuar o non co servizo unha vez finalizados os dous primeiros anos en función da satisfacción do servizo prestado.

8.- SOLVENCIA.

8.1.- Solvencia técnica e profesional.

En cumprimento do establecido no artigo 90 da LCSP, a solvencia técnica e profesional dos licitadores deberá acreditarse tendo en conta os coñecementos técnicos, experiencia e fiabilidade o que terá que acreditarse polo seguinte medio.

Acreditarse, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato. Os contratos deberán ter unha referencia directa cos ámbitos da xestión específica de instalacións deportivas con servizos de auga, así como as actividades deportivas técnicas e docentes.

O prazo para a acreditación dos servizos entenderase ata o último día de presentación das ofertas.

Por similar entenderase todos aqueles contratos vencellados co ámbito das actividades de deportivas, fitness, docentes e de auga.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou,

a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) acreditarán a súa solvencia mediante unha declaración na que indiquen a maquinaria, material e equipo técnico do que disporá para a execución dos traballos ou prestacións. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

8.2.- Medios persoais

O adxudicatario está na obriga de dispor do persoal cualificado e suficiente, conforme á normativa legal vixente relacionado cos aspectos técnicos do funcionamento das instalacións, que para o presente caso será como mínimo:

Posto de Traballo	Xornadas/ carga horaria(hrs. ano)	Titulación mínima
Tec. Sup. Educación Física	3.360	Lcdo. Educación Física
Tec. Med. Xefe area Mantemento	1.680	Enxeñeiro Técnico
Oficial Mantemento	1.680	Formación profesional
Auxiliar mantemento	8.400	Graduado Escolar
Operario/a de Limpeza	19.320	Graduado Escolar
Recepcionista	26.040	Graduado Escolar
Socorrista	24.360	Titulación específica

O adxudicatario deberá aportar como responsable do contrato a unha persoa con experiencia na xestión de instalacións deportivas das características do obxecto do contrato coa titulación mínima de licenciado ou grado en Ciencias da actividade física e do deporte cunha experiencia mínima de tres anos.

A particularidade e especificidade do servizo, no que se integran aspectos técnicos diversos e sobre todo existe un gran compoñente humano no ámbito da actividade física e do deporte require de persoal cualificado para garantir a máxima eficacia, eficiencia e calidade na dirección e xestión do servizo obxecto do contrato polo que a dirección do servizo debe contar con cualificación e experiencia na xestión destes servizos.

8.3.- Solvencia económica e financeira.

Consonte ao artigo 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC



Concello de Vigo

se determinen outros distintos:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - Á anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

8.4.- Xustificación da Solvencia.

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, así como da técnica e profesional. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

9.0.- Criterios de valoración e xustificación

Este contrato está comprendido dentro do anexo IV, polo que os criterios relacionados coa calidade representan neste contrato o 55 % da puntuación

De acordo co artigo 145 da LCSP, os criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato busca definir un proceso que teña como base criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva. Atendendo a pluralidade de criterios e buscando a mellor relación calidade-prezo.

9.1 - Criterios:

En relación os aspectos que deben de identificar cos criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do contrato que se licita, considerase unha fase de **avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor** e una fase **de avaliación de criterios suxeitos a**

fórmulas.

A finalidade da fase de **avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor**, ten por obxectivo identificar a mellor oferta en relación a proposta de execución técnica, xa que estamos a falar dun servizo público e no que os cidadáns deben contar con todas as garantías para o seu disfrute. Polo que é fundamental que se preste un servizo de calidade, na xestión das actividades docentes, no mantemento e na seguridade-.

A finalidade da fase de **avaliación de criterios suxeitos a fórmulas** busca obter un mellor prezo para a administración, sen que prexudique a calidade da oferta e o desenvolvemento do contrato. Así como valorar aspectos de calidade que melloren o servizo.

Puntuación dos criterios: Total puntuación 100 puntos.

Distribución puntuación:

- a) **avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor: 50%: 50 puntos**
- b) **avaliación de criterios suxeitos a fórmulas: 50%: 50 puntos.**

Esta distribución establécese tendo en conta a importancia que ten neste contrato o **PLAN DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO**, xa que este inflúe no costes de xestión do servizo, na calidade da prestación do servizo ós cidadáns, na xestión e mantemento integral das instalacións e na xestión dos recursos humanos. Así coma o prezo total do contrato

Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivos, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas para mellor a relación calidade/prezo de cada oferta de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, de entre as diferentes ofertas realizadas, a que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa economicamente, se procederá a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación para determinar cal é a que presenta a mellor relación calidade-prezo de cada oferta.

a) Criterios suxeitos a xuízo de valor, neste apartado se valorará a calidade da oferta tendo en conta aspectos tales como, o maior grado de coñecemento dos licitadores en relación a execución dos servizos vinculados o obxecto do contrato, a cualificación do responsable do contrato, así como os procesos de control e funcionamento das instalacións. Debe recollerse no **Plan de organización do servizo, en adiante (POS)**.

a.1.- Plan de organización do servizo (POS). É importante coñecer como o contratista pretende organizar o servizo, levar a cabo a dirección e xestión do mesmo é fundamental para a prestación do servizo. O **POS** debe estar composto por tres memorias independentes:



Concello de Vigo

A puntuación de **50 puntos do POS** distribuirase entre as tres memorias do seguinte modo.

Memoria 1: Organización, xestión e prestación do servizo: O contratista deberá indicar os recursos, a estrutura organizativa, coordinación, procesos de control de calidade, procedementos, documentación a empregar en todos os procesos internos. **Puntuación máxima 25 puntos.**

Memoria 2: Organización e xestión das actividades deportivas-docentes: O contratista deberá reflectir, propoñer as actividades a desenvolver vinculadas ó obxecto do contrato, tendo en conta a globalidade de toda a cidadanía. **Puntuación máxima 15 punto,**

Memoria 3: Organización e xestión do mantemento: O contratista deberá describir e especificar todos aqueles aspectos vinculados cos procesos de mantemento integral das instalacións obxecto do contrato. **Puntuación máxima 10 puntos..**

a.2 -Criterios para a presentación das memorias do POS. Para a presentación dixital da documentación se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un arquivo dixital en formato PDF **por cada unha das memorias que compoñen o POS**, coas seguintes limitacións: Un máximo de 70 follas por unha cara. Na cuantificación dos documentos teranse en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, portadas, gráficos, e demais follas incorporadas. O arquivo dixital non debe superar os 8 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo, deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 20 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente o **POS: MEMORIA 1 co nome do contido; MEMORIA co nome do contido 2; MEMORIA 3 co nome do contido.**

Cando a documentación non cumpra cos requisitos indicados no apartado a.2 descrito anteriormente, se procederá a súa valoración técnica, pero a puntuación será sobre o 50% dos puntos asignados a cada unha das memorias de que se compón o **POS**.

a.-3 Procedemento para puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor:

A puntuación será outorgada seguindo as seguintes regras:

- 1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada para cada unha das memorias a aquelas que desenvolvan adecuadamente os contidos indicados con análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e as demais de xeito proporcional con respecto a mellor.
- 2.- A puntuación será de 0 (cero) puntos cando en cada unha das memorias cando estas conteña aspectos contraditorios internos, en relación coa oferta presentada e

o contido obxecto do contrato.

b) Criterios suxeitos a fórmulas, neste apartado valorarase a calidade da oferta tendo en conta os seguintes aspectos:

A puntuación de **50 puntos** distribuirase do seguinte modo.

b.1.- Maior redución do prezo dos Servizos relativos ó funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato (parte fixa do contrato):

Puntuación máxima 20 puntos. Aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo base de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros S/IVE).

b.2.- Maior redución do prezo unitario hora de monitor-profesor fixado no apartado para o aboamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos:

Puntuación máxima 15 puntos. Aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo base de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros S/IVE).

b.3.-Maior incremento do importe anual destinado á substitución de materiais non funxibles respecto do mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do prego de prescricións técnicas particulares.

Puntuación máxima 5 puntos.

b.4.- Póliza de Responsabilidade civil. Maior cobertura da póliza de Responsabilidade Civil. Segundo ser recolle no PPT.

Puntuación máxima de 5 puntos.

b.5.- Incremento superior ós tres anos de experiencia da persoa responsable do contrato. Puntuación máxima de 5 puntos

Para a valoración deste criterio outorgarase 1 punto por cada ano de incremento na experiencia **ata un máximo de 5 puntos.**

Xustificación dos criterios de valoración:

Xustifícase a elección destes criterios de adxudicación por canto todos eles proporcionan información axeitada para a elección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén en proporción coa mellor oferta en relación calidade prezo para a administración. Considérase o incremento do valor da póliza un valor de calidade no contrato xa que o ser un servizo de atención directa os cidadáns estes deben ter garantida as mellores coberturas ante incidencias que poidan xurdir durante a prestación dos servizos, ademais de garantir a administración maior capacidade das coberturas.



Concello de Vigo

9.2.- Fórmulas a aplicar na valoración dos criterios de adxudicación

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a. Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obtérase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b. Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx * Vof$$

Vrb

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor ofertado de baixa.

Vrb: valor referencia das baixas.

c. Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A$$

B

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

a. Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b. Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx * Vof$$

Vri

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos



Concello de Vigo

c. Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * P_{mx} + 0,20 * P_{mx} * A$$

B

Onde:

P_{mx}: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

Xustificación das fórmulas.- Estas formulas resultan adecuadas para a valoración dos criterios avaliábeis mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto bo da Intervención Municipal

10.- Ofertas con valores anormais

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

11.- Condicións especiais de execución

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal *“será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte”*, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

1. A inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ao emprego.
2. A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.
3. O respecto do contratista aos dereitos laborais básicos ao longo de toda a cadea de produción, cando para a execución do contrato se utilizasen produtos susceptibles de ser fabricados en países en vías de desenvolvemento.

As tres condicións especiais de execución veñen recollidas no artigo 202.2 da LCSP e esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

12.- Información esixida polo artigo 130 LCSP.

O obxecto do contrato vense prestando na actualidade, polo que atendendo ao artigo 130 da LCSP aportase como anexo ao PPT, relación de traballadores comunicada pola empresa a data de xaneiro de 2019, e segundo o convenio colectivo en vigor “ Convenio colectivo para os traballadores das piscinas e ximnasios municipais dependentes do Concello de Vigo (BOPPO nº 194) dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2019.

13.- Prazo de garantía

Non procede nesta contratación o ser un contrato de prestación de servizo.



Concello de Vigo

14.- Subcontratación.

De acordo co previsto no artigo 215 LCSP, se reserva a executar polo contratista como tarefas críticas do servizo as seguintes: xestión do servizo, actividades docentes, socorrismo e atención ao público xa que nestas tarefas se sustenta o 89,61% da operatividade e funcionalidade do contrato e considerase que deben estar baixo unha única estrutura organizativa de dirección e xestión.

15.- Modificacións do contrato

Non se prevé.

16.- División en lotes.

A non división en lotes permite optimizar o contrato nos seguintes ámbitos:

Económicos:

Unha economía de escala dos custes do contrato, para o adxudicatario do servizo, permitindo a optimización dos recursos, económicos, loxísticos e humanos. Supón por tanto un aforro económico e maior operatividade no control dos servizos contratados para a administración.

A través da economía de escala prodúcese unha redución importante dos custes unitarios na produción dos servizos prestados, podendo incrementar a produtividade nos mesmos. A maior escala de produción se prorrataan os custes fixos entre a cantidade dos produtos-servizos realizados, executados e obteñense menores custes unitarios. Prodúcese unha maior optimización dos recursos económicos financeiros.

Recursos humanos e materiais:

Os recursos humanos da estrutura fixa do contrato e os materiais pódense reorganizar en función das necesidades operativas do conxunto das instalacións obxecto do contrato. Prodúcese unha maior optimización dos recursos humanos, loxísticos e materiais que se deben poñer a disposición do contrato.

Comunicación:

No ámbito da comunicación na estrutura organizativa que afecta ós diferentes centros nos que se presta o servizo facilita que esta se desenvolva de modo máis eficiente, xa que se evitan interferencias entre diferentes interlocutores se non estivera dependendo dunha única unidade organizativa.

Seguridade e saúde:

Dende o punto de vista da seguridade laboral aumentaría a complexidade na coordinación da seguridade e saúde dos traballadores, afectando a operativa na prestación do servizo e repercutindo na efiacia e eficiencia do mesmo, e polo tanto nos custes. Debendo aumentarse a coordinación interempresarial.

Organización servizo:

Con respecto o Plan de Organización do Servizo (POS) este debería estar desagregado por cada unha das unidades independentes que puideran intervir no servizo, dificultando o control pola administración, xa que estaría obrigada a supervisar tantos POS, como servizos independentes se prestarán no desenvolvemento do obxecto do contrato.

Polo exposto, a división en lotes pon en grave risco:

Primeiro: A coordinación interna da administración dos contratos e en consecuencia de cada un dos centros si cada un se xestionara de modo independente, xa que multiplicaría por seis os POS a controlar e fiscalizar.

Segundo: A coordinación interna das empresas si o contrato se subdividise en lotes por servizos, implicaría unha complexidade organizativa difícil de artellar e de asunción de responsabilidades internas e xurídicas.

Terceiro: Os custes económicos non se poderían optimizar xa que non operaría unha economía de escala na produción dos servizos prestados.

Cuarto: A complexidade de homoxeneizar, coordinar e xestionar o servizo prestado os cidadáns de un xeito tan fraccionado.

Polo tanto, non procede a división en lotes segundo o art. 93,3 b da LCSP, por motivos de eficacia e eficiencia dos medios empregados na prestación do servizo, o cal redunda en beneficio para o xestor do contrato, en beneficio para a administración por aforro de custes e no control e fiscalización do servizo contratado, así coma para os usuarios xa que existe unha homoxeneidade de criterios nos servizos prestados.

17.- Responsable do contrato

De conformidade co artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, para o exercicio das funcións que nel se determina, a designación como responsable do contrato recaer no Adxunto Xefe Servizo Deportes- Director Técnico servizo de deportes.

18.- Referencia ao réxime de pagamento

O pagamento realizarase mensualmente previa presentación das facturas, da parte fixa do contrato e da parte variable pola adxudicataria do contrato e será conformada polo responsable de contrato unha vez comprobada a veracidade dos servizos prestados, e presentada toda a documentación necesaria recollida no apartado III do PPT. O finalizar cada ano de contrato realizarase unha regularización na facturación no último mes, segundo o grado de execución do apartado II.2.n) do PPT e en función da cantidade ofertada polo licitador por ano.

As facturas presentaranse por cada un dos centros no que se presta o servizo.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.



Concello de Vigo

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- a) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
- b) OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- c) ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

19.- Seguro

O contratista deberá aportar unha póliza de Responsabilidade Civil por importe mínimo de 4.000.000,00 € que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario para a prestación do servizo obxecto do contrato. Deberá aportarse documentalmente cada exercicio o recibo de pago.

O contratista deberá aportar no momento do contrato unha póliza de accidentes que cubra todo o persoal ao seu servizo.

20.- Lugar de entrega

O ser un servizo este desenvolverase segundo se recolle nos centros obxecto do contrato.

21.- Data prevista para o inicio do contrato

1 de xullo de 2019.

22.- Informes de probas

Non se prevén.

23.- Outros aspectos a ter en conta na redacción do prego de cláusulas administrativas particulares.

O licitador deberá incluír ademais da oferta segundo o modelo do PCAP, no sobre "C", un orzamento descomposto dos custes do servizo que teña relación directa coa oferta realizada. Os cálculos deste orzamento deberá adecuarse de maneira xustificada a oferta presentada, indicando a descomposición das unidades de custes do servizo, das cales deberán indicarse de maneira expresa as correspondentes segundo se recolle no modelo que se adxunta, sen iva e con iva.

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución dos servizos sobre os cales o licitador deberá indicar o porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial de aplicación o orzamento de gastos.

O licitador deberá presentar un documento descomposto de custes imputable por cada instalación obxecto do contrato, seguindo o modelo adxunto.

NOME INSTALACIÓN	TRAVESAS	LAVADORE S	TEIS	VALADARE S	X. BERBES	X.CARME
Descrición conceptos gastos	IMPORTES S/IVE	IMPORTES S/IVE	IMPORT ES S/IVE	IMPORTES S/IVE	IMPORTES S/IVE	IMPORTE S S/IVE
Costes persoal						
Coste vestiario						
Coste enerxía térmica						
Coste inversor						
Coste maquinaria						
Coste consumibles						
Coste mantemento integral						
Seguros						
Costes amortizacións						
Gastos financeiros						
Outros convenio						
Gastos xerais						
Beneficio industrial						
Subtotal						
IVE 21%						
Total coste por centro						
Total coste						

24.- Condicións especiais de compatibilidade

Non se contemplan.

25.- Obrigas do adxudicatario

As obrigas do adxudicatario son todas aqueles recollidas de xeito específico e pormenorizado no PPT, apartado II e III.



Concello de Vigo

26.- Planificación do contrato.

O contrato figura na planificación do servizo, recollido no anuncio previo (sitio web de TED: <https://ted.europa.eu/udl?uri=TED:NOTICE:531406-2018:TEXT:ES:HTML>) enviado o 29/11/2018 e publicado o 01/12/2018.

27.- Data fin contrato actual.

O contrato actual finaliza o 30 de xuño do ano 2019

28.- Visitas concertadas ás dependencias obxecto do contrato.

As empresas licitadoras poderán realizar visitas as instalacións obxecto do contrato, realizando unha solicitude previa ao Servizo de Deportes, indicando os datos do persoal que realizará a visita. A solicitude realizarase, mediante correo electrónico a (concelleriadeportes@vigo.org), ata 10 días naturais antes do remate do prazo de presentación das ofertas. Unha vez recibida as solicitudes comunicarase o mesmo correo de envío da solicitude o día e hora da visita.

III.- PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da “CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERIA DE DEPORTE”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 21 de xaneiro de 2019 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 25 de marzo de 2019 pola Xefa do Servizo de Contratación para CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERIA DE DEPORTE

Terceiro: Autorizar o gasto polo **importe base máximo de licitación de 7.102.880,36 €**, e sendo o valor estimado do contrato de **11.740.298,13 €**. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos nas aplicacións orzamentarias que se indican e da bolsa de vinculación así coma a distribución anual orzamentaria.

		% distri. por centro.		anual %	mes	2019	2020	2021
Partida orçamentaria	Coste variable monitores							
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	939.355,93 €	93.935,59 €	8.539,60 €	42.698,00 €	93.935,59 €	51.237,60 €
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	939.355,93 €	106.429,03 €	9.675,37 €	48.376,83 €	106.429,03 €	58.052,20 €
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	939.355,93 €	301.063,58 €	27.369,42 €	136.847,08 €	301.063,58 €	164.216,50 €
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	939.355,93 €	201.491,85 €	18.317,44 €	91.587,20 €	201.491,85 €	109.904,64 €
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	939.355,93 €	151.705,98 €	13.791,45 €	68.957,26 €	151.705,98 €	82.748,72 €
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	939.355,93 €	84.729,90 €	7.702,72 €	38.513,59 €	84.729,90 €	46.216,31 €
subtotal		100%				426.979,97 €	939.355,93 €	512.375,96 €

Partida orçamentaria	Costes fixos	% de distribución coste contrato por centro		anual %	mes	2019	2020	2021
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	2.612.084,25 €	966.471,17 €	80.539,26 €	483.235,59 €	966.471,17 €	483.235,59 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.612.084,25 €	548.537,69 €	45.711,47 €	274.268,85 €	548.537,69 €	274.268,85 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	2.612.084,25 €	653.021,06 €	54.418,42 €	326.510,53 €	653.021,06 €	326.510,53 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.612.084,25 €	444.054,32 €	37.004,53 €	222.027,16 €	444.054,32 €	222.027,16 €
subtotal		100,00 %		2.612.084,25 €	217.673,69 €	1.306.042,13 €	2.612.084,25 €	1.306.042,13 €
totales						1.733.022,09 €	3.551.440,18 €	1.818.418,09 €

Distribución anual orçamentaria:

Ó ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:



Concello de Vigo

ANOS	PERIODO	IMPORTE CON IVE
2019	01/07/2019 ata 31/12/2019	1.733.022,09 €
2020	01/01/2020 ata 31/12/2020	3.551.440,18 €
2021	01/01/2021 ata 30/06/2021	1.818.418,09 €

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(269).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE AMPLIACIÓN, SUBSTITUCIÓN, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE REGULACIÓN, CONTROL E INFORMACIÓN DE TRÁFICO DE VEHÍCULOS E CIRCULACIÓN DE PEÓNS NA REDE VIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. EXPTE. 105916/210.

Visto o informe xurídico do 25/03/19, o informe de fiscalización do 26/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/03/19, asinado polo xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, o concelleiro-delegado da Área e o concelleiro delegado de Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Decreto de 28 de novembro de 2018 o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade ordea a inocación de expediente de contratación para a prestación do servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo, con vistas ao vencemento do prazo de duración do contrato actualmente vixente, previsto para o 01 de xullo de 2019.

Segundo.- No expediente constan os seguintes documentos:

2.1 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 25 de marzo de 2019.

2.2 Memoria xustificativa do expediente de contratación de 22 de marzo de 2019 asinado polo Enxeñeiro Técnico da Área de Seguridade e Mobilidade, polo Xefe

do Servizo de Administración Electrónica, polo Concelleiro-Delegado de Seguridade e Mobilidade e polo funcionario propoñente.

2.3 Pregro de Prescripcións Técnicas de 22 de marzo de 2019 asinado polo Enxeñeiro Técnico da Área de Seguridade e Mobilidade , polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica e polo funcionario propoñente.

2.4 Informe da Xefa do Servizo de Contratación de 22 de marzo de 2019 relativo á constancia da incorporación ao expediente dos documentos legalmente esixibles segundo o estado actual de tramitación.

Terceiro.- Réxime económico do contrato.

3.1 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 35.659.552,38 euros

3.2 IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 6.188.847,93 euros

3.3 VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 29.470.704,45 euros

3.4 MÉTODO DE CÁLCULO: o valor estimado do contrato calculouse detraendo do orzamento base de licitación o IVE a soportar pola Administración, dado que no presente contrato non se contemplan nin prórrogas nin modificacións. O mesmo comprende os conceptos previstos nos artigos 101 e 102 da LCSP, entre outros, os gastos de estrutura, o beneficio industrial e os custes laborais

3.5 ANUALIDADES CON IVE:

Ano 2019: 1.805.582,46 euros

Ano 2020: 4.231.746,24 euros

Ano 2021: 4.231.746,24 euros

Ano 2022: 4.231.746,24 euros

Ano 2023: 4.231.746,24 euros

Ano 2024: 4.231.746,24 euros

Ano 2025: 4.231.746,24 euros

Ano 2026: 4.231.746,24 euros

Ano 2027: 4.231.746,24 euros

Cuarto.- O obxecto do contrato non comprende a división en lotes.

Quinto.- A duración do contrato é de 102 meses.

Sexto.- A data inicial para o comezo das prestacións é o 01 de xullo de 2019.

Sétimo.- Trátase dun procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e de tramitación ordinaria.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Concello de Vigo

Primeiro.- O expediente de contratación ten por obxecto á prestación dun servizo público da competencia propia dos concellos (arts. 7, apartados 1 e 2 e 25.2 letra *g* ambos os dous da Lei 7/85 de bases do réxime local; art. 7 letra *a* do RDL 6/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria).

Segundo.- O seu obxecto está directamente ordenado á prestación eficaz e eficiente da dita competencia segundo o estado da arte na materia en termos de políticas europeas plenamente consolidadas (Programa Marco de Investigación e Innovación da U.E. "HORIZONTE 2020").

Terceiro.- Na tramitación do expediente se teñen observado as esixencias materiais e sustantivas previstas na lexislación contractual vixente e normas concordantes.

Cuarto.- A competencia da aprobación do expediente corresponde á Xunta de Goberno Local (D.A. 2ª.4 da Lei 9/17), previo informe da Asesoría Xurídica (D.A. 3ª. 8 da Lei 9/17) e da Intervención Xeral (D.A. 3ª.3 da Lei 9/17).

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que legalmente me corresponden veño en propor ao Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade que previos os trámites pendentes eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo, con vistas ao vencemento do prazo de duración do contrato actualmente vixente previsto para o 01 de xullo de 2019.

Está incorporado ao expediente:

- 1.1 O informe de necesidades.
- 1.2 Memoria xustificativa do expediente de contratación de 22 de marzo de 2019 asinado polo Enxeñeiro Técnico da Área de Seguridade e Mobilidade, polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica, polo Concelleiro-Delegado de Seguridade e Mobilidade e polo funcionario propoñente.
- 1.3 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 25 de marzo de 2019.
- 1.4 O Prego de Prescricións Técnicas de 22 de marzo de 2019 asinado polo Enxeñeiro Técnico da Área de Seguridade e Mobilidade, polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica e polo funcionario propoñente.
- 1.5 Lista de persoal a subrogar aportado pola mercantil actualmente adxudicataria do servizo.

2º.- Autorizar o gasto necesario para a licitación, por un importe de 35.659.552,38 euros (IVE incluído) con cargo á aplicación 1330.2279903 descomposto por anualidades segundo detalle que sigue:

Ano 2019: 1.805.582,46 euros

Ano 2020: 4.231.746,24 euros

Ano 2021: 4.231.746,24 euros

Ano 2022: 4.231.746,24 euros

Ano 2023: 4.231.746,24 euros

Ano 2024: 4.231.746,24 euros

Ano 2025: 4.231.746,24 euros

Ano 2026: 4.231.746,24 euros

Ano 2027: 4.231.746,24 euros

3º.- A autorización do gasto comprende o exercicio das facultades que á Xunta de Goberno Local atribúen os arts. 174.3 do TRLF (RDL 2/04) en relación coa Disposición Adicional 2ª.4 da Lei 9/17 de Contratos do Sector Público, e a base 27ª das de execución do orzamento vixente.

4º.- Dispor a apertura da licitación e adxudicación segundo as regras legalmente establecidas para os contratos de servizos suxeitos á regulación harmonizada, procedemento aberto e tramitación ordinaria.

5º.- A licitación queda asimesmo sometida ao recurso especial en materia de contratación (art. 40 Lei 9/17).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(270).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO AGLOMERADO NA AVDA. ARQUITECTO ANTONIO PALACIOS. EXPTE. 271/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/03/19 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 22/03/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.



Concello de Vigo

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 13.02.18, resolveu autorizar o gasto para para redacción de "Renovación do aglomerado na Avda. Arquitecto Antonio Palacios" a prol da empresa Galaicontrol S.L.

2.- A empresa Galaicontrol S.L. presenta proxecto de "RENOVACIÓN DO AGLOMERADO NA AVENIDA ARQUITECTO ANTONIO PALACIOS", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (703.637,82 €).

3.- Consta no expediente administrativo de referencia informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 05.03.19, informe xurídico con proposta de resolución de data 5 de marzo de 2019 e informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral

de data 12.03.2019.

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 4147-443 correspondente ao proxecto de obras de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente que se corresponde co expediente administrativo 4147-443, e que inclúe Pregos de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (703.637,82 €), asinado dixitalmente en data 05/03/2019.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, de data 14.03.19, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 14.03.19.
- d) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 14 de marzo de 2019.
- e) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 18.03.2019.
- f) Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 18.03.2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a declaración de tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución das obras do proxecto de “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO NA AVENIDA ARQUITECTO ANTONIO PALACIOS”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (703.637,82 €), asinado dixitalmente en data 05/03/2019, e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 18.03.2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “SETECENTOS TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS



Concello de Vigo

con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (703.637,82 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 122.118,96 euros.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.210.00.00 ("Conservación de vías e espazos publ").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezasete horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez